



Esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, con data do 4 de setembro de 2024, ditou as instrucións relativas ao desenvolvemento do acordo de 28 de agosto de 2024 asinado entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as organizacións empresariais e sindicais do ensino privado concertado de Galicia sobre as condicións da xubilación parcial do profesorado en réxime de pago delegado no curso 2024/2025 e seguintes.

Con motivo da reunión da Comisión Tripartita do Ensino Privado Concertado celebrada o día 15 de novembro de 2024, para tratar, entre outras cuestións, o seguimento da aplicación do devandito acordo á vista das solicitudes recibidas, unha das cuestións suscitadas que adquiriu especial relevancia foi a posibilidade de que un/ha traballador/a vinculado/a por un contrato de relevo, poida ampliar a súa xornada laboral no mesmo centro educativo ata completar o máximo de horas que procedan no ensino concertado.

Por isto, tendo en conta a información procedente de distintos órganos e unidades desta Administración e da Administración da Seguridade Social, como complemento das Instrucións ditadas con data 4 de setembro de 2024, engádese a estas a seguinte:

Quinta. *Contrato de relevo e ampliación da xornada*

1. Con carácter xeral, sempre que se produza unha redución da xornada por xubilación parcial do profesorado do ensino concertado en réxime de pago delegado formalizárase un contrato de traballo de relevo temporal a tempo parcial, no que a xornada de traballo será igual á redución da xornada lectiva do/a traballador/a substituído/a (entre un mínimo de 7 e un máximo de 12 horas).

A duración do contrato de relevo estenderase ata que o profesorado substituído acade a idade de xubilación ordinaria á que se refire o artigo 205.1a) do Texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.

2 A xornada de traballo do contrato de relevo antes indicada poderá ampliarse ata acadar a duración da xornada a tempo completo (25 horas).

O contrato incluírá unha cláusula adicional na que se especificarán de forma clara e separada:

- O número de horas de docencia que son consecuencia do contrato de relevo da persoa xubilada parcial e a súa distribución entre as ensinanzas concertadas no centro.
- O número de horas restantes consecuencia da ampliación, tamén distribuídas por ensinanzas concertadas. Estas horas poderán ampliarse ou reducirse durante a vixencia do contrato, formalizándose a súa modificación.





A título orientativo, súxírese o seguinte modelo de cláusula adicional:

“A duración da xornada do contrato de relevo é de... (número) horas lectivas semanais, determinada en función da redución da xornada da persoa xubilada parcial, que se distribúen en... (especificar horas por ensinanza).

As restantes ...(número) horas que realiza a maiores distribúense ...”

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

